# 10. CONCLUSIÓNS

# 10.CONCLUSIÓNS

**O inventario de elementos de interese.**

Xa cando se principiou este traballo se partía da percepción de que a Enseada estaba subexplotada en canto aos seus recursos culturais e naturais, unha vez rematado o traballo e inventariado o seu patrimonio, pódese dicir que a "demagoxia" que podería esconder a frase, queda completamente minimizada polo verdadeiro e demostrado valor dos recursos que agocha.

A concentración destes recursos fan deste espazo xeográfico unha fonte de valor económica insospeitada. Só pensando na cuantitatividade deste patrimonio, a primeira conclusión posible é a de que nos atopamos ante unha paisaxe cultural singular e única.

Varios fortes e castelos; pontes e pontellas; unhas salinas históricas; un muíño de mar; un forno de cal; estaleiros de ribeira; industrias conserveiras e de salga; un patrimonio etnográfico marítimo (material e inmaterial) único; cargadeiros de mineral e volframio; unha fábrica asociada co intervencionismo español na segunda guerra mundial; un xacemento arqueolóxico con pecios de barcos afundidos; unha illa cargada de historia medieval e contemporánea,..., e por se isto fora pouco, un patrimonio natural engadido que representa un dos ecosistemas máis duros e perdurables da nosa comunidade.

**Recuperación da costa para a cidadanía.**

Tamén é certo que todo este patrimonio se atopa na actualidade nun estado de abandono moi acusado e isto é debido a que, ata este intre, a Administración (tanto estatal, como autonómica, como local) viviu as costas do filón que posúe. Tralo estudo de potenciación turística realizado podemos extraer numerosas

conclusións, pero a máis destacable sería a de que calquera proposta de potenciación dos recursos da Enseada debería pasar por unha política que pretenda e recupere os espazos costeiros para o gozo da cidadanía.

O estado xa creou o instrumento básico para esta recuperación que é a Lei de Costas, con esta lei na man, o administrador pode e debe solicitar, de xeito prioritario, o deslinde dos espazos costeiros para recuperar, cando menos, as liñas de servidume de paso pola costa. Este deslinde quedaría reflectido nos PXOMs das diferentes administracións locais que baña a Enseada e a partir del podería resolverse a estratexia de paseos marítimos que se planean no capítulo de propostas deste estudo.

Unha vez realizados os paseos, e como xa está ocorrendo nos construídos arredor das marismas do Alvedosa, a rendibilidade económica e, sobre todo, social do produto agromaría rapidamente.

A filosofía desta decisión encaixaría ademais nos obxectivos marcados pola Axenda 21, asinada polo Concello de Redondela[1].

---

[1] O Concello de Redondela ten asinado un convenio chamado "Axenda 21" que ten a súa orixe na Conferencia dás Nacións Unidas para o Medio Ambiente e o Desenvolvemento Sostible que se celebrou en Río de Xaneiro non ano 1992. Nesta Conferencia os gobernos, mediante esta axenda programática, comprometéronse a levar a cabo a transformación do actual modelo de desenvolvemento, baseado na explotación desmedida dos recursos naturais.

Unha das claves desta nova estratexia de desenvolvemento sostible radica na participación cidadá e na participación e cooperación dous poderes locais, constituíndo un factor determinante para lograr a consecución dos seus obxectivos, polo que se insta ás autoridades locais a iniciar un proceso de diálogo cos seus cidadáns, organizacións e entidades para adquirir un plan de desenvolvemento centrado nas oportunidades e valores locais.

En resumo, a Axenda 21 local é un documento que rexe a contribución de cada concello e a súa comunidade á sostibilidade, nun proceso aberto e participativo dirixido a mellorar a calidade de vida da súa cidadanía, comprometéndose a actuar de cara á mellora ambiental, social e económica do concello. O feito de que a Enseada se sitúe nun dos concellos que forman parte da Axenda 21 faina participe de poder beneficiarse de posibles axudas asociadas coa Axenda 21, xa sexa mediante fondos económicos, como de imaxe, pois ao concello de Redondela interesaralle cumprir os compromisos adquiridos cos seus concidadáns.

**Necesidade de coordinación entre os diferentes entes que traballan e xestionan a Enseada.**

Outra das percepcións para corrixir obtida durante o proceso do traballo é a descoordinación dos diferentes axentes e administracións que participan no desenvolvemento da Enseada. Semella que hai unha serie de entes e organismos que teñen unha mesma filosofía e intención pero que traballan en pos dela de xeito individualizado e descohesionado. Sería necesario que, a partir dunha destas administracións (por exemplo o propio Concello de Redondela), se crease unha iniciativa de asociación que implicase, sobre todo, as diferentes administracións da Enseada para que traballasen de xeito conxunto na recuperación destes espazos hoxe en día abandonados. O taboleiro de xogos, por expresalo de xeito metafórico, está xa posto, pois son moi esperanzadoras as reunións mantidas polas diferentes administracións para a creación definitiva da área Intermunicipal da Ría de Vigo, este foro poderá ser utilizado para tomar contactos iniciais en aras da definitiva organización desta asociación (buscando como nexo de unión as intencións de potenciar os recursos da Enseada).

A forza que supón o traballo en grupo non ten necesidade de explicación, a creación dunha ruta en barco pola Enseada se facilitaría desta maneira, xa que e o seu custo económico quedaría minimizado pola achega de diferentes organismos públicos.

**Establecemento dunha ruta en barco pola Enseada.**

Un dos obxectivos que se marcaban dentro do Proxecto Marisma para este Estudo de Potenciación Turística era o estudo concreto sobre o establecemento dunha ruta en barco pola Enseada que tivese como meta a Illa de San Simón. Para este traballo contamos coas estatísticas e as informacións das rutas xa realizadas con anterioridade, subministradas pola Fundación da Illa San Simón, estes números amosan o interese por parte do público na creación da ruta, neste intre realizadas dende Vigo, máis de 8.000 visitantes no que levamos de ano, e 15.600 dende que comezaron as visitas á Illa, hai que lembras que este servizo non é regular e que as visitas só se realizan en determinados meses do ano coincidindo coa bonanza climatolóxica do tempo estival.

En relación a este estudo se propoñía a posibilidade de recuperar a marisma para a navegación e que as rutas se puidesen establecer dende o Porto de

Redondela. As conclusión obtidas tralo seu estudo, desaconsellan esta posibilidade, sobre todo por dúas cuestións primordiais:

1. **Redondela non posúe porto na actualidade** e para a súa construción habería que habilitar espazos, xa que require dunha forte inversión en instalacións (peiraos, pantaláns, espazos de reparación, oficinas de xestión e para as autoridades portuarias, almacenes, lugares de abastecemento de combustible, etc.). Espazos dos que se carece na actualidade.
2. **Necesidade dun forte dragado da marisma** coas consecuentes afeccións e deterioros medioambientais.

   Ademais, engadido a isto, os lodos tirados do fondo do río precisan dunha dársena, ou espazo semellante amplo, para o seu almacenamento temporal e ata o seu secado e transporte para un vertedoiro (que ademais non posúe o Concello).

   Estes lodos producen forte cheiro, coas consecuentes queixas por parte da poboación durante a súa extracción, sobre todo da inmediata á zona de almacenamento.

   A alternativa a este almacenamento é o seu transporte en gabarras ata alta mar. Calquera das dúas alternativas supón un custe en tempo que non se pode precisar, o que fai que as obras de dragado necesario para acadar calado se eternicen durante un período mínimo de 3 ou 4 anos.

   O custo da obra non remataría co dragado senón que sería necesario un constante mantemento pola súa propia dinámica de colmatación dos ríos que forman a marisma.

Todo este traballo queda minimizado ademais pola existencia dun porto no Concello con moitas posibilidades, o Porto de Cesantes, achegado ademais ao núcleo principal da cidade. A dependencia das mareas deste porto, para o atraque das embarcacións de máis calado, é un handicap que o Concello poderá solucionar coa ampliación do pantalán do porto, obra moito menos custosa dende o punto de vista económico e social do que suporían as obras de dragado da marisma.

A marisma pode ser recuperada para a viaxe en barco mediante embarcacións de menos calado, como poden ser as embarcacións tradicionais, co valor engadido á ruta da propia historia da embarcación. Se conta na actualidade con un pantalán novo situado na Enseada, no Paseo Marítimo construído recentemente nas marismas, este pantalán poderá ser utilizado como lugar de

atraque para a recollida dos visitantes que lles interese este tipo de rutas. O peirao ten unha dependencia das mareas, que terá que terse en conta a hora de poñer en práctica a iniciativa.

Para estas rutas en barco contamos coas valoracións económicas xuntadas polas diferentes navieiras que se interesaron na iniciativa, que poderán terse en conta como punto de partida á hora de contratar os servizos por parte do Concello de Redondela. É moi interesante neste sentido, a proposta e o planeamento realizado pola Fundación da Illa San Simón, que figura integro no documento final deste traballo, e que parte da base de comprar unha embarcación e convertela en centro de Interpretación por si mesma.

O outro traballo que propoñemos e que resta por facer é unha limpeza integral da Marisma, que podería contratarse mediante un servizo externo ao Concello ou ben realizarse por medio das cuadrillas municipais.

Sería interesante neste sentido tamén valorar a oportunidade de restauración das Barras do Alvedosa, neste intre deterioradas nalgún dos seus tramos.

**A creación do MEIRANDE.**

Un dos puntais que pretendemos como produto para a potenciación da Enseada é a creación dun Centro de Interpretación ou Museo dentro do seu espazo xeográfico que sería o primeiro Museo de Redondela.

Na actualidade estase a redactar o proxecto de construción e musealización do MEIRANDE, un Museo Etnoarqueolóxico Interpretativo da Batalla de Rande, e os seus restos de patrimonio industrial e cultural.

O proxecto do MEIRANDE serviría como unha **"lanzadeira cultural"**, converténdose nun "bastión cultural" na Enseada de San Simón, nun entorno xeográfico rodeado dun rico patrimonio cultural aínda sen explotar, e cunha alta potencialidade e rendibilidade social.

O MEIRANDE converterase nunha institución evocadora e representativa de todo o patrimonio da Enseada. E poderá ser o lugar de xestión do amplo patrimonio non só da Enseada senón de todo o Concello de Redondela.

**A revalorización paisaxística da Enseada.**

No apartado do Plan de Marqueting se enumeran unha serie de produtos e subprodutos como iniciativas básicas nas que se ten que desenvolver o traballo de potenciación da Enseada. Todas estas iniciativas redundan nun obxectivo, na revalorización deste espazo xeográfico por parte da administración: revalorización da paisaxe mariñeira e industrial; revalorización da propia historia do Concello e por extensión de Galicia, de España e Europa; revalorización do espazo natural; e revalorización cultural e educacional en xeral.

Nesta dirección, parécenos imprescindible, e lóxico, que se poda solicitar a calificación de "Sello Europeo" para este lugar, xa que representa un lugar evocador da propia historia e identidade europeas. Corroborado polos diferentes feitos que construíron e mediatizaron o caracter desta paisaxe: Batalla de Rande que implicou a diferentes nacións europeas; os feitos asociados coa segunda guerra mundial, co transporte de volframio cara a industria armamentística alemá e o posterior abastecemento de submarinos nazis durante a guerra; a construción de diferentes conserveiras iniciada por industriais foráneos; a implicación co transporte transoceánico; vinculación literaria con Xulio Verne; etc.

Este tipo de iniciativas redundará na promoción da Enseada, co seu consabido e citado "efecto multiplicador", que incentivará economicamente a todos os concellos que baña, con primordial repercusión no propio Concello de Redondela.